

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS  
INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 18 DE AGOSTO DE 2022**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E  
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

**Rogo de AV presentado por escrito**

“Vemos que se está a dar grande impulso ao convenio con Profand, pero quedánnos certos datos no aire que cremos lles interesaría á poboación.

A empresa segundo o convenio comprométese a unha contratación do 50% de postos para persoas empadroadas, se hai persoas empadroadas cos perfís que buscan. Motivo polo cal rogamos que se dean a coñecer os perfís que van precisar, de cara a que a veciñanza poida estar ‘preparada’ para cando saia a oferta de vacantes”.

**Preguntas de AV presentadas por escrito**

**1ª.-** Xa que o convenio de Profand leva sendo anunciado dende o mes de marzo, preguntámonos a data de inicio para as seleccións de persoal.

**2ª.-** Vemos que no convenio de Profand o Concello de Cambre facilitará espazos para os procesos de selección e tamén colaboración neles. Como ten que facer calquera outra empresa de Cambre para recibir ese servizo por parte do concello?

**3ª.-** Que alegacións se achegaron á nova ordenanza de rúidos?”

**Preguntas de C's presentadas oralmente**

“O 20 de xuño apróbase a creación da Comisión Antifraude como así consta na acta da Xunta de Goberno Local do día 28 de xuño nas resolucións ditadas pola Alcaldía.

Preguntas:

**1ª.-** Recóllese ou recollerase acta das sesións celebradas da Comisión Antifraude e enviarase esa acta aos grupos municipais ao igual que as demais actas doutras comisións?

**2ª.-** Que membros integran a comisión?

**3ª.-** Forman parte da comisión algún grupo municipal dos que se atopan na oposición ou algún membro pertencente a eses grupos (PP, AV, BNG ou Grupo Mixto)?

**4ª.-** Tense celebrado algunha sesión?”

#### **Preguntas do PP presentadas oralmente**

“Recibiuse subvención da Xunta de Galicia para o obradoiro de emprego? Que contía? Para cantos alumnos? Cando se celebrará? Xa está aberto o prazo de inscrición? Vaise compartir con outros concellos ou está previsto soamente para Cambre?”

O Sr. Alcantarilla Rey contesta que si se concedeu, na modalidade de socio-sanitaria, non na modalidade *proweb*, xa que nesta modalidade a inserción laboral non foi moi alta, e a modalidade socio-sanitaria conta cunha maior inserción laboral, que é o obxectivo do programa. Engade que neste momento non dispón do resto da información, e que llela facilitará en canto poida.

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

#### **Rogo de AV presentado por escrito**

“Rogamos se facilite a todos os grupos da oposición a desagregación das 400 prazas de aparcamento novas creadas por este Goberno municipal.”

#### **Preguntas de AV presentadas por escrito**

**1ª.-** É moita a veciñanza que nos pregunta polos prazos das diferentes obras e actuacións que se presentan no último xornal ‘Novas de Cambre’. Tanto das modificacións de parques e prazas como das actualizacións enerxéticas dos CEIP.

**2ª.-** Dende a incursión dos vehículos eléctricos no patrimonio municipal. Cal foi o aforro económico dende o inicio do seu uso?

**3ª.-** Queremos coñecer o arquivo histórico dos últimos sete anos de cando foron solicitadas e de que xeito as melloras de seguridade no colexio de Brexo Lema dende o concello.

**4ª.-** Xa o preguntamos noutros momentos e outros grupos municipais. Pero reiterámonos en cuestionarnos que solucións para a circulación de tráfico e aparcadoiros se darán para dar saída a todas as novas persoas que ocuparán o SAU-RD1 'A Barcala'.

**5ª.-** Cales son os prazos que se manexan do PEID de Lendoiro?"

<b>Rogo de EU</b>	<b>Son en Común presentado oralmente</b>
-------------------	------------------------------------------

“Sexa modificada o máis rapidamente posible a data de exposición pública na web do concello relativa á aprobación inicial da ordenanza de protección contra a contaminación acústica, visto que os prazos da páxina son:

EXP: 2022/G013/000002

Aberto prazo de exposición pública do 18/07/2022 ao 26/08/2022

E tendo en conta que no día de onte confirmei con Secretaría, que á súa vez indica que foi confirmado con Urbanismo, que o prazo de finalización do prazo de exposición pública e alegacións é o vindeiro 31/08/2022.”

O Sr. González Leirós di que, en canto chamou, xa se corrixiu o erro.

<b>Pregunta do PP presentada oralmente</b>
--------------------------------------------

“Con data de 14 de agosto de 2022 efectuouse unha chamada á policía local de Cambre advertindo da presenza de xabarís na zona da Barcala. A resposta foi que por este tema non ían ir. A quen tería que dirixirse a veciñanza nestes supostos?”

<b>Preguntas de EU-Son en Común presentadas oralmente</b>
-----------------------------------------------------------

“De acordo co contido no Capítulo XVIII das NNSS de Planeamento do Concello de Cambre, e concretamente no contido nos seus artigos 61 e 62 segundo os que nos espazos libres e zonas verdes non se permite ningún tipo de cualificación ou construción de carácter permanente, agás autorización especial por acordo municipal, preguntamos:

**1ª.-** Podemos entender que a nova zona de aparcamentos no espazo delimitado como zona verde no plan de ordenación do solo urbano de Cambre, cumpre co establecido nos artigos invocados?

**2ª.-** De ser así, existe algún informe técnico ou xurídico para o efecto que avalíe a dotación de aparcadoiro no que aparece tipificado como zona verde nas normas de planeamento?

**3ª.-** Poden facernos as contas exactas das prazas de aparcamento que había con anterioridade á remodelación da fronte do concello, con indicación das eliminadas e das creadas así como concretando as diferentes zonas (azul, branca, mobilidade, ...) e as que definitivamente e de cada un dos tipos quedarán dispoñibles trala finalización das obras de remodelación?

**4ª.-** A día de hoxe existe dispoñibilidade plena dos terreos necesarios para poder executar a obra de mellora da seguridade viaria na DP-1704 PK 0,670?

**5ª.-** A cesión dos terreos anunciada polo concelleiro de Urbanismo necesarios para a execución da obra indicada na pregunta anterior foi libre de cargas? (Pleno setembro 2019)

**6ª.-** Executou o concello o peche en Cela da fotografía que se achega ao presente documento (*remitido por e-mail*) respectando a normativa municipal?"

**COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL**

**Rogo de AV presentado por escrito**

“Vendo a cantidade de persoas participantes que quedaron fóra dos campamentos ecuestres. Rogamos para vindeiras ocasións se tomen as medidas pertinentes para que non queden tantas persoas excluídas desta actividade”

**Preguntas de AV presentadas por escrito**

**1ª.-** En que consiste o traballo de dinamización xuvenil dende o Departamento de Xuventude na actividade Open Science? Porque vemos en diferentes noticias información sobre a asociación e o traballo dende o IES, pero moi pouco información sobre o traballo que se fai dende o concello.

**2ª.-** Que outras actividades se fan, directamente, con este amplo colectivo xuvenil o resto do ano dende o Departamento de Xuventude ou outros departamentos?

**3ª.-** Cales foron as cifras de participación de empadroados e non empadroados deste ano nos campamentos organizados polo Departamento de Xuventude?

**4ª.-** Que actividades se realizaron no pavillón de Anceis dende a súa inauguración?"